

Ambientes litorais de **GALICIA**



Nos 1720 Km que percorren a costa Galega, atopamos unha gran variedade de hábitats: dende os cantís máis elevados e abruptos, ata os suaves perfís das praias e dunas, sen esquecermos da importancia ecolóxica das numerosas zonas húmidas: lagoas, estuarios, xunqueiras, ou dos illotes e arquipélagos que salpican o litoral.

Compre ter en conta tamén, a incidencia nestas paisaxes das nosas Rías. Dende a ría do Eo ata a de Vigo, estas son uns dos ecosistemas máis productivos do planeta debido á dinámica característica das súas augas. A súa riqueza natural evidénciase na importancia económica das explotacións pesqueiras e marisqueiras que alí se desenvolven.

OS CANTÍS

Os cantís son grandes paredes rochosas, constituídas por materiais duros, cunha alta capacidade de resistencia á forte erosión a que están expostos. Pese a todo a ondada traballa continuamente na base destas zonas da costa, podendo formar furnas ou furados do inferno naquelas zonas onde a rocha é menos resistente.

Noutros lugares as embestidas do mar provocaron a caída de grandes bloques de rocha, resultando a típica paisaxe do noso litoral salpicada de abruptos illotes.

Na Serra da Capelada (Cabo Ortegal) atópanse os cantís máis altos da Europa meridional, con 600 m de altitude. Outros cantís importantes son: Estaca de Bares, Península de Fisterra, Cabo Vilán, etc.

AS ILLAS

Son múltiples as illas e illotes que emerxen no litoral galego, e é o abrigo dos grandes arquipélagos como Cíes, Ons e Salvora, que se crea no interior das rías baixas, un ambiente protexido dos temporais. Estas illas presentan dúas caras ben diferenciadas, unha exposta ó mar aberto, con abruptos acantilados, e outra protexida con areais e rochedos.

Tamén atopamos illotes e illas escarpadas, fortemente abaridas polo mar ó pé dos cantís, coma as illas Sisargas fronte a Cabo San Adrián.

Todas elas son lugares de especial interese en canto a conservación dos ecosistemas naturais ó non estar tan expostos á acción do home. Para as aves mariñas, son as illas zonas idóneas de descuriso e cría.

Os fondos mariños asociados a estas illas son unha mostra da alta biodiversidade dos ambientes subacuáticos, permitindo o desenvolvemento de especies sensibles á contaminación.

A COSTA AREOSA

As praias son entrantes do litoral onde se acumulan sedimentos que proveñen da erosión do mar sobre a costa, do transporte do río ou da deposición de restos de conchas de organismos mariños.

Por tratarse dun substrato móbil, o perfil dunha praia vai variar según as condicións climáticas. Así, no inverno, os temporais arrastran as areias cara a parte sumerida, mentres que no verán observamos unha maior pendente e cantidade de areia nas praias. Na parte posterior das praias se forman as dunas, que servirán de reservorio de areias, se o aporte destas abunda.

En Galicia existen 600 Km de praias e diferentes tipoloxías: Praias con morfoloxía de media lúa, de lonxitude variable, podendo ter varios quilómetros, coma a praia de Carnota, con 7 Km de lonxitude, a máis longa de Galicia. Outros exemplos son as praias de Baldaio, Corrubedo, e a praia de Barra.

A outra tipoloxía característica das praias galegas son as praias de peto, formadas entre dous saíntes rochosos próximos entre si. De Fisterra a Cabo Touriñán, e na marxe da ría de Muros e Noia existen claros exemplos.



En ocasións, o arrastre de sedimentos ó litoral, provenientes das correntes litorais e dos desaugues dos ríos, orixina unha barreira de area paralela á costa, que normalmente aparece encostada polos dous extremos a saíntes rochosos do continente.

No interior fórmase unha zona afundida e cuberta de auga, a lagoa costeira, que pode estar comunicada co mar a través de canles temporais ou permanentes. En ditas lagoas, desenvólvese unha vexetación acuática que favorece o establecemento dunha fauna característica destes humidaís, na que atopan cobexo e alimento. Son moitos os complexos Praia-Barreira-Lagoa, que aparecen no noso litoral, como son os de Doniños, Lourm, Corrubedo, Valdoviño, Traba, Baldaio, etc...

Do mesmo xeito que as desembocaduras dos ríos, estes sistemas no seu conxunto constitúen un reservorio de recursos pesqueiros e marisqueiros, á vez que proporcionan cobexo e alimento a moitos animais. Estes complexos son moi fráxiles, calquera alteración nunha parte pode destruír o seu conxunto: a extracción de area que pode chegar a rachar coa barreira protectora, e o verquido de áridos que colmatan a lagoa, son os dous procesos dexenerativos máis frecuentes causados polas actividades legais do pasado.

15

AS DESEMBOCADURAS DOS RÍOS

Nas desembocaduras dos ríos, a auga doce se mestura coa auga mariña formándose os Esteiros. Estes son extensións de sedimento fangoso e areoso, aportado polo río e polo mar, que se cubre e descubre en cada marea... adoitado localizalos na parte interna das rías, exceptuando o esteiro do río Miño, un dos máis importantes. Outros esteiros de interese son o do río Anllóns, o esteiro do Eume e o do río Eo.

Nas partes máis internas dos esteiros aparecen as xunqueiras ou marismas, extensións chairas, de augas calmas e pouco fondas, de gran importancia ecolóxica, colonizadas por prantas moi adaptadas a estas condicións de variables de salinidade. As xunqueiras funcionan como filtros, retendo substancias contaminantes que así non chegarán ó mar.

Atopamos estes ecosistemas por toda a costa galega: a xunqueira do Río Lagares, a enseada de San Simón, a enseada do Grove, no P.N. de Corrubedo, Ría de Santa Marta de Ortigueira, etc. Debemos ser conscientes da importancia ecolóxica destas zonas, que debido á grande cantidade de materia orgánica que albergan, son empregadas por moitos peixes como zona de desove. Alí crecen e se alimentan os pequenos alevínealevíns, protexidos dos depredadores, antes de pasar a vivir en mar aberto.



OS ROCHEDOS

En multitude de lugares da costa galega existen extensións rochosas de suaves pendentes, batidas pola acción do mar, de xeito que impide a sedimentación de materiais finos. Os rochedos son substratos inmóviles, zonas moi oxixenadas por mor do bater das ondas, e onde os cadáveres dos organismos mortos polas turbulencias, aportan gran cantidade de materia orgánica que servirá de alimento a outros animais.

Estas características, unidas a variedade de microclimas que presentan os rochedos, fan que moitos seres vivos os atopen como lugar idóneo para vivir... de destacar tamén a grande competencia que se da nestes substratos polo espazo, así moluscos, esponxas, algas, crustáceos, etc., invadirán cada milímetro destes lugares.

Exemplos de rochedos nas nosas costas os temos en Punta Carboeira, Rochedo de San Pedro, Istmo do Portelo, Muxía e Rochedos de Aguiño, na provincia da Coruña, e os de San Vicente do Mar, Punta Rodeira, e as caras internas das illas Ons e Cíes, na provincia de Pontevedra.

CONTAMINACIÓN DO LITORAL:

Ó falar de contaminación do litoral referímonos a calquera alteración negativa que se produza na ribeira ou nas augas costeiras.

A elevada densidade de poboación que se asenta no litoral tradúcese na gran cantidade de usos dos que este é obxecto: desde a pesca ó transporte marítimo ou as industrias que se desenvolven nesta franxa, sen esquecermos da importancia como lugar de lecer que fai disparar o número de visitantes na época estival. Estas actividades exercen forte presión sobre o medio, causando maior ou menor impacto según a fragilidade deste.

Os dragados, os embalses dos ríos, a construción de paseos marítimos, etc., destrúen o equilibrio dos nosos areais, impedindo a normal dinámica dos sedimentos. O verquido de áridos altera o substrato no que viven millóns de invertebrados e larvas de peixes. A alteración do habitat fai que as aves migratorias se atopen sen os seus lugares habituais de invernada.

Por outra banda, ó litoral vérguense directamente ou a través dos ríos, toneladas de substancias tóxicas que se non rematan directamente coa vida de plantas e animais, van deteriorando lentamente as súas defensas, provocando enfermidades, diminución da súa capacidade reprodutiva...

Debemos evitar verquer bolsas de plástico, latas ou papel de aluminio, cabeceas dos cigarros, etc., todos eles son materiais que tardan anos en degradarse, e provocan a morte de peixes, aves e mamíferos, ó confundiilos co seus alimentos.



Documentación publicada cunha axuda da
Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

ORGANISMOS DESTES AMBIENTES

En xeral, todos os ambientes litorais teñen unha grande importancia biolóxica ó seren espazos de tránsito entre a terra e o mar. As diferentes condicións ecolóxicas de cada un deles, proporcionan habitats distintos ós que os seres vivos se adaptan con estratexias axeitadas para aproveitar ó máximo os recursos que se lles ofrecen.

A VIDA NOS SUBSTRATOS DUROS

ZONAS EXPOSTAS

Nestas paredes de rocha fortemente castigadas polo mar a vida faise difícil. No máis alto as plantas coma a herba de mar namoran ou o pirral de mar buscan algo de terra, entre as fendas onde entrará. Para moitas aves: falcoes, gaviotas, corvos marítimos, araos... estas lugares inaccesibles son ideais para anidar.



Corvus maritimo



Herba de namorar

Os organismos marítimos deberán adaptarse ó embate das ondas. As algas acumulan carbonatos como protección, os cangrexos agochábanse entre as fendas, o porcebe segrega substancias cementantes, os moluscos coma penéulas e quitona péguense fortemente co seu pé muscular. Todos eles posúen estruturas duras para non ser aplastados polas ondas.

ZONAS PROTEXIDAS

Os organismos distribúense nestes rechedos en función da súa resistencia ó dessecamento. Os moluscos desenvolvidos para sobrevivir á marea baixa son moitos variados: lapas, balanos e algúns caracóis marítimos gardan auga no seu interior; tomates e anémonas de mar ebfórrese de substancias mucosas que os manteñen sempre húmidos.

As diatomeas que se forman entre as rochas son refuxos máis baixas para cangrexos, pequenos peixes, ourizos, estrelomares, etc. Multitude de algas coma as letrugas de mar e os argosus viven nestas rochas.



Congrega



A VIDA NOS SUBSTRATOS MÓBILES

OS AREAIS

Nas dunas, desprazadas polo vento, as plantas precizan longas raíces para fixarse e atopar auga. Tamén desenvolven follas groyas onde a ulmacean.

Na parte alta da praia os animais entérranse, evitando así o dessecamento. As pulgas constrúen túneis baixo a area. No submareal viven soterrados ourizos irregulares e cangrexos. Para non seren aplastados, moitos poliquetos constrúen galerías e tubos onde agocharse. A diversidade de moluscos bivalvos é enorme: longueiróns, coquinas, arrolas, cadelluchas...; os desprazamentos da area obrigáenos a desenvolver variados sistemas de ancoraxe.

A faneca brava e os peixes planos (soñas, lenguados) confúndense co fondo.



Pulga de mar



Peixe plano

OS LAMAZAIS

En marismas, esteiros e zonasais desenvólense ecosistemas particulares de enorme riqueza.

Plantas palustres, capaces de anazar o encharcamento e a salinidade, colonizan a marisma. Patos, cercetas e galíñas de río agochábanse entre elas, criando ou descurando na súa viaxe migratoria.

No chan areo-fangoso dos esteiros viven soterrados moluscos (berberechos, améixas, telinas), minhocas e pequenos crustáceos. Tamén aparecen caracóis e cangrexos carromeiros. Aves limícolas de longos peteiros alimentábanse de todos eles.

As chairas de zosteras, prantas marítimas con flores, son lugares de enorme produción vexetal. Caracóis e bivalvos atópanse en altas densidades.

Moitos peixes achéganse as desembocaduras para desovar, ó seren lugares protexidos. Aquí viven unha parte da súa vida as anguías, depredadores de hábitos nocturnos.



Marisco real

